

PLAN DE FUNCIONAMENTO

COMEDOR ESCOLAR

CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN

2.-OBXECTIVOS

3.-CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

4.-FUNCÍONS, DEREITOS E DEBERES

5.-INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

6.-AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

7.-NORMATIVA APLICADA

1.-INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é un servizo complementario que, ademais de servir á Administración como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, contribúen non só a favorecer a saúde no proceso de crecemento dos escolares, senón tamén a fomentar valores como o compañeirismo, a colaboración, actitudes de respecto e tolerancia.

O servizo de comedor está considerado como parte integrante da vida do centro, das súas actividades, dos seus obxectivos e do seu contido educativo.

A finalidade deste protocolo é establecer os criterios organizativos do servizo de comedor, así como as recomendacións e normas necesarias para o seu bo funcionamento.

Modalidade: Xestión indirecta a cargo da empresa Alimentación Saudable Galega.

2.-OBXECTIVOS

- Fomentar hábitos alimentarios saudables.
- Adquirir hábitos de hixiene, orde e educación.
- Adquirir normas de educación e saber estar na mesa.
- Promover a adaptación do alumnado a unha diversidade de menús e a unha disciplina no acto de comer que inclúa a cortesía, a tolerancia, a solidariedade e a educación para a convivencia.
- Ofrecer unha planificación alimentaria que aporte as substancias nutritivas que o alumnado precisa para o seu crecemento.
- Concienciar nos valores do uso axeitado da comida.
- Colaborar e respectar ao persoal encargado do seu funcionamento.

3.-CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

O comedor do CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro ten concedidas 220 prazas, incluído o membro do equipo directivo que se encargará da supervisión do bo funcionamento do mesmo.

Teñen dereito a utilizar o comedor o alumnado que cumpra coa normativa vixente:

Decreto 132/2013, do 1 de agosto de 2013, polo que se regulan os comedores escolares dos centros públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG, 05/03/2007) pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo do comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo do comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.

Instrución 2/2019 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso 2019-2020.

O comedor escolar, de xestión indirecta, funciona mediante un servizo de cátering contratado pola administración educativa. Este servizo inclúe a presenza de monitores/as contratados pola empresa, que atenderán ao alumnado tanto no período da comida como no posterior ata a entrada nas actividades da tarde. O nº de persoal coidador será o que fixe a normativa vixente.

O **persoal** que se fará cargo do servizo consta de:

Encargado

Coidadores/as

Unha persoa do equipo directivo que permanecerá no Centro durante o período no que transcorra o servizo mencionado.

Horario e calendario.

O horario do comedor escolar é o seguinte: de 14:15h a 15:30h.

A hora de saída do alumnado de comedor non transportado é entre as 15:15h e as 15:30h.

O servizo organizarase en dous períodos: 1 h para comer e 15 min para a organización da entrada ás actividades extraescolares e saída do alumnado que marcha para casa.

O servizo iniciará a súa actividade o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.

Prezos e formas de pago.

As familias, unha vez feita a solicitude deberán aboar os prezos establecidos segundo o nivel de renda e atendendo á instrución correspondente da Consellería de Educación.

Os prezos son de 1 €, 2,50 € ou 4,50 €.

O pago do importe das comidas realizarase mediante domiciliación bancaria.

As familias que, polo seu nivel de renda, teñen subvencionado o servizo de comedor terán os mesmos dereitos e deberes que o resto dos usuarios.

O non pagamento das cotas por parte dos comensais poderá ser causa de perda do dereito á utilización deste servizo.

4.-FUNCIONES, DEREITOS E DEBERES

FUNCIONES DO PERSOAL COLABORADOR

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ata o remate do servizo, ás 15:30h.
 - Controlar e supervisar a inxestión, así como os aspectos relacionados cos correctos hábitos alimentarios, hixiénicos e de comportamento na mesa. Facer fincapé na necesidade de comer de todo, xa que así conseguirá unha alimentación equilibrada que contribuirá a súa saúde.
 - Controlar o uso adecuado dun tempo para as comidas.
 - Asegurarse de que ningún neno/a finalice o servizo sen comer nada.
 - Organizarse ben para que a comida non tarde en chegar á mesa, unha vez que os comensais están listos para comer. Tamén é importante que non haxa moito tempo entre prato e prato para que os alumnos/as non se levanten da mesa.
 - Prestar especial atención aos que.: Comen mal, intercambian comida, terminan os últimos/as ou presentan algunha patoloxía declarada previamente.
 - Resolver no momento os problemas que se presenten.
 - Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval de comedor.
 - Axudar ao alumnado que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
 - Informar ao equipo directivo, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
 - En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º Ed. Primaria, sen que iso supoña a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.
- Servizo de atención ás mesas dos usuarios.
- Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.

- Informar á persoa encargada do servizo de comedor daquelas outras cuestións que afecten ao funcionamento do servizo.

Corresponde á Empresa:

- Distribuír aos comensais o plan mensual de comidas.
- Coidar do mantemento da limpeza diaria das instalacións, electrodomésticos e resto de utensilios.
- A formación dos coidadores/as.

Corresponde ao alumnado

- Comportarse de forma adecuada, respectando as instalacións, os dereitos dos demais e as recomendacións dos coidadores/as.
- Respectar as normas básicas de convivencia e boa conduta, no levantarse da mesa sen permiso, non falar a berros e comer con corrección.
- Consumir a comida dentro do comedor.
- Adaptarse a minuta establecida e consumir, do menú establecido para cada día, a cantidade que se lle sirva.
- Respectar ao persoal, coidadores/as.
- En caso de non poder comer algún alimento deberá traerse un certificado médico que así o manifieste.
- Antes e despois da comida, facer uso dos espazos do centro que sexan asignados para os alumnos/as do comedor, pero en ningún caso entrar no resto das dependencias e aulas.
- O incumprimento reiterado destas normas suporá a expulsión temporal ou definitiva do comedor. Para as faltas illadas atenderase ao disposto no Plan de Convivencia e nas Normas de organización e funcionamento do centro.
- A entrada ao comedor organizarase segundo a orde que estableza a encargada de comedor e o alumnado ocupará o sitio que lle corresponda.
- No caso de querer repetir algún dos pratos do menú, o alumnado deberá solicitalo levantando a man e esperará a ser atendido.
- Todo o alumnado deberá comer un mínimo de cada prato.

- Durante o tempo de comedor procurarase non saír ao baño, agás o alumnado de infantil o por causa dalgunha indisposición ou enfermidade.
- Evitarase xogar durante o tempo da comida.
- Procurarase cooperar e colaborar seguindo as instrucións do persoal coidador.
- O alumnado non poderá andar polos corredores nin entrar ás clases.
- O incuprimto das normas mencionadas e outras recollidas no Plan de Convivencia, dará lugar ás sancións correspondentes. No caso de faltas leves reiteradas ou falyas graves, pode dar lugar á baixa temporal ou definitiva do servizo de comedor.

En todo o referente á conduta aplicarase o establecido no Plan de Convivencia e nas Normas de Organización e funcionamento do centro.

Corresponde ás familias

- Recoller ao alumnado con puntualidade. No caso de vir recoller ao alumnado unha persoa distinta ao pai ou a nai, deberase presentar no centro a correspondente autorización.
- Cooperar no adecuado cumprimento das normas establecidas , respectando o presente protocolo así como as normas establecidas no Plan de convivencia e nas Normas de Organización e funcionamento do centro.
- Fomentar nos seus fillos e fillas actitudes de colaboración, solidaridade e convivencia.
- Fomentar nos seus fillos/as o gusto por unha alimentación variada e animalos a que proben de todo polo que agradeceríamos que non xustificasen por escrito ou ante o persoal cousas como “non lle gusta”, “nunca come froita ou peixe”, “non lle apetece”, etc, pois desautorizarían a norma xeral.
- Estar ao corrente de pagos de cuotas e efectuar os mesmos mediante o sistema establecido pola empresa encargada do servizo.
- Comunicar ao centro de calquera enfermidade, alerxia e/ou intolerancia que precise dunha alimentación especial mediante certificación médica ante a dirección, que o comunicará á encargada do comedor escolar.

- Comunicar o día anterior, de ser posible, ou antes das 09:45 a ausencia ao comedor. Tres ausencias ao comedor sen ter avisado antes da hora prevista suporá a baixa do servizo de comedor durante dez días.
- No caso de faltar as tres primeiras horas da mañá por asistencia ao médico, as familias deberán avisar antes das 09:45 da ausencia a clase durante ese tempo e de que fará uso do comedor. No caso de que as familias non avisen non poderán facer uso do mesmo.
- O alumnado que falte a clase durante o horario lectivo non poderá facer uso do servizo de comedor.
- O alumnado que falte máis de tres horas nun mesmo día non poderán facer uso do servizo.
- Facer uso do servizo de comedor coa asiduidade solicitada.
- No caso de que o alumnado se atope indisposto, chamarase ás familias para que o veñan recoller.
- Durante o período de adaptación do alumnado de 4º de educación infantil e, atendendo ás necesidades propias da mesma, recoméndase que o devandito alumnado non faga uso do servizo.
- Será necesario presentar xunto coa solicitude de comedor, a certificación médica necesaria que acredite alerxias e/ou intolerancias.
- No caso de dietas astrinxentes ou brandas é preciso avisar ao centro antes das 09:45h. De ser posible, é recomendable avisar o día anterior.

Corresponde á Directora

- Elaborar, co equipo directivo, o Plan Anual do comedor escolar, como parte da Programación Xeral Anual.
- Coordinar o servizo.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade, seguridade e hixiene.

Corresponde ao Consello Escolar

Aprobar e avaliar o Plan de funcionamento, como parte da Programación Xeral Anual.

5.-INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

- A utilización do comedor supón a aceptación e cumprimento das normas por parte de todos os usuarios deste servizo.
- O incumprimento das normas pode levar á suspensión do disfrute do servizo durante días ou de forma definitiva.
- Ante o incumprimento das normas falarase co neno/a. Tratarase de que comprenda o seu proceder inadecuado e pediráselle que rectifique. Intentarase que asuma as consecuencias das súas accións e se lle ofertarán condutas alternativas.
- Habitualmente serán as colaboradoras as encargadas de manter a orde, a convivencia e a disciplina no comedor escolar. Nos casos no que o diálogo non sexa suficiente, poderanse impoñer medidas correctoras como apartar ao neno/a da súa mesa durante un tempo.
- No caso de estragar os utensilio ou o mobiliario do comedor, procederase a informar ás familias da incidencia, sendo a reparación do dano causado a sanción correspondente.
- No caso de tirar pan, auga ou comida, o alumado terá que recoller e limpar o que ensuciou.
- Todas as incidencias quedarán rexistradas no libro de incidencias do comedor, onde se anotará a data, incidencia, participantes e medidas correctoras por parte do persoal colaborador do comedor.
- Tódalas incidencias serán comunicadas ás familias, atendendo á gravidade das mesmas.

- No caso de incidencias que supoñan reiteración de faltas leves ou faltas graves serán comunicadas por escrito ás familias coa medida correspondente recollida no Plan de Convivencia. A acumulación de tres incidencias leves implicará unha incidencia grave. Dúas incidencias graves no comedor poden implicar a perda temporal do servizo de comedor. Estas medidas correctoras serán aplicadas polo membro do equipo directivo responsable nese momento.

IMPORTANTE (segundo as Instrucións 2/2019)

- 1- Os usuarios do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do mesmo, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios ante a dirección do respectivo centro educativo.
2. Os usuarios do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9:45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola dirección do centro correspondente do dereito ao servizo por un período de 10 días.

6.-AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Este plan avaliarase e realizarase un seguimento anualmente. O Consello escolar encargarse da súa aprobación e seguimento do cumprimento do mesmo.

7.-NORMATIVA APLICADA

DECRETO 132/2013 do 1 de agosto.

Instrución 2/2013 da Secretaría Técnica da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria, do 14 de xuño.

Instrución 2/2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional do 7 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2019-2020.

Este plan foi aprobado polo Consello Escolar en reunión do 22 de outubro de 2019.

O Secretario
Carlos Rego Tesouro

A Directora
María Elena Gayo Álvarez